
OLA! EU SON O NABO TICA E SEMPRE QUIXEN ESTUDAR FARMACIA.
PERO HOXE ESTOU AQUÍ PARA DICIRCHE QUE ENTRE TODOS PODEMOS FACER QUE O GALEGO SUBA POSTOS ENTRE AS LINGUAS CON MÁIS PRESENZA NAS REDES SOCIAIS.
TICA
E TI SÁBELO!!!




Pois por exemplo:

Existe UN LOTIÑO DE APLICACIÓNS PARA MÓBIL (TODAS SE PODEN BAIXAR A TRAVÉS DO "PLAY STORE")

Estas son algunhas delas:

- Unha axenda para móbil que se pode poñer en galego: Chámase **DIGICAL**.
- "**Teclado GALEGO**" Permite escribir en galego en tódalas aplicacións do móbil que uses e incorpora un corrector.
- O **Diccionario de galego da RAG**.
- **Tradutor de varias linguas ao galego** (Francés, inglés, catalán e español-galego e viceversa).
- **CONXUGALEGO** para a conxugación de verbos en galego.
- **SINONIMOS DO GALEGO**: Dáche alternativas de palabras de significado parecido para que non te repitas como a cebola.
- **GALEGRAM**: Mensaxería tipo Whatsap en galego, de balde.
- **DATOS METEOGALICIA**: Para que saibas a climatoloxía que se che vén enriba (ten publicidade) pero non é excesiva.
- Hai varios xornais galegos que teñen a súa **edición dixital en galego**. Sempre que os consultes, utiliza esta versión.
- O mesmo podes facer coas páxinas de institucións nas que dan a opción de consultalas en galego.
- Sempre que envíes mensaxes e/ou utilices as redes sociais, faino en galego, se sabes que os teus interlocutores te entenden.

**UTILIZA O GALEGO SEMPRE QUE TEÑAS OPORTUNIDADE, PORQUE ASÍ OS RESPONSABLES DO MANTEMENTO DAS REDES SOCIAIS E DOS XORNAIS DIXITAIS, MELLORARÁN E AUMENTARÁN OS RECURSOS PARA A SÚA UTILIZACIÓN**